

DOCUMENTOS

Art.1. España renuncia a todo derecho de soberanía e propiedade sobre Cuba. En atención a que esta illa, cando sexa evacuada por España, vai ser ocupada polos Estados Unidos, estes, mentres dure a súa ocupación, tomarán sobre si e cumprirán as obrigacións que, polo feito de ocupala, lles impuxo o dereito internacional (...).

Art.2. España cede aos Estados Unidos a illa de Porto Rico e as demais que están agora baixo a súa soberanía nas

Indias Occidentais, e a illa de Guam no arquipélago das Marianas ou Ladróns.

Art.3. España cede aos Estados Unidos o arquipélago coñecido polas illas Filipinas (...). Os Estados Unidos pagarán a

España a suma de vinte millóns de dólares (...).

Art.5. Os Estados Unidos, cando se asine o presente tratado, transportarán a España, á súa costa, os soldados españois que fixeron prisioneiros de guerra as forzas americanas ao ser capturada Manila.

Tratado de Paz de París. 10-12-1898

As esixencias e condicións de que pende esa revolución de arriba (...) son as seguintes:

1º (supresión de empregos inútiles e dependencias innecesarias, redución de obrigacións eclesiástica etc) que vaian nutrir o presuposto da España nacente, da España do porvir (educación nacional, colonización interior, reforma de camiños, obras hidráulicas, escolas técnicas, investigación científica etc). (...) En suma desaffricanización e europeización de España.

2º Reformar a educación en todos os seus graos e promover o seu desenvolvemento rápido e intenso. Renovar ata a raíz as institucións docentes, orientándoas conforme aos ditados da pedagogía moderna

3º Abaratamento rápido do pan e da carne (...) mediante o embalse e canalización de augas para regos de primavera, pero sobre todo mediante as escolas de capataces, onde se ensine práctica e experimentalmente unha agricultura nova.

5º Subministración de terra cultivable, coa calidade de posesión perpetua e inalienable, aos que a traballan e non a teñen propia.

6º Regulación do contrato de traballo (...). Seguro social ou popular e socorro mutuo, por iniciativa e baixo a dirección do Estado (...). Inspección do traballo das mulleres e dos nenos e, en xeral, de seguridade e salubridade nas fábricas.

Xaquín COSTA. Oligarquía e caciquismo. 1901-1902

En 1905, algúns oficiais da guarnición de Barcelona asaltaron e destruíron a redacción da revista satírica *Cu-Cut* e do xornal *La Veu de Catalunya* polas críticas contra o exército e a defensa que facía do catalanismo, considerado polo exército como un perigo á unidade da patria. A maior parte dos militares apoiou esta acción e o Goberno non se atreveu a castigar os culpables.

*A outra noite [día 25], a primeira hora, un gran número de oficiais do exército, molestados polas caricaturas e artigos que publicaba a prensa catalá, reuníronse en número de máis de douscentos na Praza Real, comezaron a dar vivas a España e desde alí marcharon á imprenta do semanario catalanista *Cu-Cut*. Sacaron os trastes e pertenzas que encontraron e gran cantidade de periódicos e prendéronlle lume, formando unha fogueira (...). Na redacción [do xornal *La Veu*] deron varias sabradas, obrigando aos que alí estaban a berrar: "Viva España!". Esnaquizaron todo, respectando só o escudo de Cataluña, dicindo que Cataluña era unha provincia española.*

***El Imparcial*. 17-11-1905 [castelán]**

O embarque das tropas en Barcelona con destino a Marrocos provocou, na cidade e noutras localidades catalás, o inicio, o 26 de xullo de 1909, dunha folga xeral convocada por socialistas e anarquistas contra a guerra, o sistema de recrutamento e a actuación do Goberno, que rematou nunha semana de protestas, revoltas e fortes disturbios.

Considerando que a guerra é unha consecuencia final do réxime de produción capitalista. Considerando, ademais, que, dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran. Asemblea protesta enerxicamente:

- 1. Contra a acción do Goberno español en Marrocos.*
- 2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios, en vez de proporcionarlles os medios de subsistencia que lles arrebatan coa marcha do xefe de familia.*

COMITÉ DE FOLGA. **Proclama.** 21-7-1909

En Barcelona a folga afectou todos os ramos, e ía estendéndose pola provincia. Logo pasou a outras catalás. O carácter xeral demostraba a preparación revolucionaria (...). Chegaban avisos de que tamén cortaban as liñas telegráficas e telefónicas (...). Comezaban os incendios, ataques a comunidades, violacións, asasinatos (...) Cincuenta conventos e igrexas foron queimadas, destruíronse moitas comisarías de policía e reinou a desorde polas vacilacións do capitán xeneral nos primeiros momentos e a escaseza de forzas. (...) Por fin chegaron as forzas (...). Eran columnas mixtas de tropas e gardas civís. Os rebeldes foron varridos, dominados e destruídos en todas partes pola Garda Civil. O venres estaba vencida a rebeldía. Restablecéronse as comunicacións e entón o público soubo da verdade do sucedido, que produciu espanto e horror. Entre os crimes que se cometeron ou se intentaron, xurdiu a figura de Ferrer, unha das principais, ou talvez a primeira, na dirección do movemento.

Xoán de LA CIERVA Y PEÑAFIEL [ministro de Gobernación]. **Notas da miña vida.** 1932 [castelán]

Aproveitando a debilidade do Goberno, no seu enfrontamento cos militares, os parlamentarios cataláns pediron a autonomía para Cataluña e a convocatoria de Cortes para elaborar unha nova Constitución, ao mesmo tempo que convocaban todos os parlamentarios españois para deliberar sobre estes temas.

Seguidamente deuse lectura ás dúas proposicións presentadas. (...) A segunda (...) propoñía: 1º. Proclamar a necesidade de organizar un réxime de ampla autonomía administrativa de todos os municipios para que poidan desenvolverse con liberdade e respondan aos seus fins naturais. 2º. Proclamar así mesmo a necesidade de organizar un réxime de ampla autonomía administrativa das demais rexións españolas que contribúa ao desenvolvemento de todos os seus elementos compoñentes, sen mingua da unidade nacional. 3º. Declarar que o Parlamento español debe reunirse canto antes para dar efectividade legal ás anteriores conclusións e resolver os demais problemas presentados actualmente. En consecuencia, esperan que o Goberno, compenetrado con este desexo, fará a convocatoria no momento que, ao seu xuízo, o permitan as circunstancias.

ASEMBLEA DE PARLAMENTARIOS CATALÁNS. 5-7-1917 [

A folga xeral revolucionaria convocada en agosto de 1917 fracasou pola falta dunha estratexia clara; a actuación das forzas da orde pública e a represión posterior causaron numerosas vítimas entre os participantes nas folgas e accións reivindicativas.

Aos obreiros e á opinión pública: Chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación ningunha, os propósitos anunciados polos representantes da UXT e da CNT no manifesto subscrito por estes organismos no mes de marzo último [emprego da folga xeral indefinida]. (...).

Pedimos a constitución dun goberno provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles dunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras dunhas Cortes constituíntes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da Constitución política do país. Mentres non se consiga este obxectivo, a organización obreira española está absolutamente decidida a manterse na súa actitude de folga. Cidadáns: Non somos instrumento de desorde como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicita-mos o voso concurso. Viva España!

COMITÉ DE FOLGA UXT-PSOE [formado por Largo Caballero, Daniel Anguiano, Julián Besteiro, Andrés Saborit]. **Manifiesto**. 12-8-1917

DATA DE NOMEAMENTO	CARÁCTER POLÍTICO		DURACIÓN
1917 19-4	Concentración liberal	1	mes 22 días
11-6	Conservador (Dato)	4	" 22 "
3-11	Concentración liberal	4	" 19 "
1918 22-3	Concentración nacional	7	" 17 "
9-11	Concentración liberal		26 "
5-12	Liberal (Romanones)	4	" 10 "
1919 15-4	Conservador (Maura)	3	meses 5 días
20-7	Conservador	4	" 22 "
12-12	Concentración	4	" 23 "
1920 5-5	Conservador (Dato)	10	" 3 "
1921 8-3	Gobierno interino		5 "
13-3	Conservador (Cierva)	5	" 1 "
14-8	Concentración	6	" 24 "
1922 8-3	Concentración conservador	8	" 29 "
7-12	Concentración liberal	9	" 8 "

En 1921 o xeneral Silvestre, co obxectivo de obter unha vitoria definitiva e estimulado polo rei, realizou unha manobra arriscada coas súas tropas entrando no Rif, coa intención de ocupar Alhucemas; pero non asegurou a retagarda e dispersou demasiado os seus homes. As cabilas do Rif, ao mando de Abd el-Krim, atacaron a súas posicións obrigándolle a retirarse, perecendo a maioría dos seus soldados en Annual.

A evacuación de Igueriben fixo fraquear a liña de vangarda e determinou que o repregue a Annual, tanto do convoi como das forzas que o protexían, se fixese apresurada e desordenadamente. Despois deste momento reinaba en Annual a maior desorde, non só pola confusa chegada das forzas, senón por reunirse preto da tenda do xeneral, feridos, mortos e fuxitivos de Igueriben que daban ocasión a todo xénero de deprimentes comentarios. (...) Á porta da tenda do xeneral discutía acaloradamente un grupo de xefes, entre os que estaba o coronel Manella, xefe da posición, que protestaba porque era o único que votara na Xunta de Xefes por non abandonala e que estaba disposto a suicidarse cando iso ocorrese. A testemuña fixolle observar que así deprimía a moral das tropas que o escoitaban, ao que lle respondeu o coronel que non lle importaba.

CHACÓN [Capitán de Artillería] **Declaracións** [no Expediente Picasso]. 1921

—Puf! Unha historia sucia, porque resulta que é el (Alfonso XIII) o responsable do desastre. Escribiulle a Silvestre ás agachadas de Berenguer, e díxolle que seguise adiante. Din mesmo que, cando Annual acababa de ser conquistado, lle mandou un telegrama a Silvestre que dicía: «Vivan os teus collóns!» e cando se lle falou da catástrofe e dos miles de mortos que había, dixo: «A carne de galiña é barata». Claro é que todos os reaccionarios están defendéndoo nas Cortes, pero os republicanos e os socialistas están pegando duro. Ademais, hai outra cousa: agora que están mandando forzas expedicionarias e todos os fulanos que escaparon co seu diñeiro de ir a Marrocos teñen que ir, aínda que non queiran, moitos dos liberais queren que se depure a cousa. (...) De todas as maneiras, unha cousa é certa: vai haber un proceso.

Arturo BAREA. **A forxa dun rebelde. A ruta**. 1951

Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (porque nos gustaría vivir sempre na legalidade e que ela rexese sen interrupción a vida española) de recoller as ansias, de atender a

clamorosa petición de cantos amando a Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desgrazas e immoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin trágico e deshonroso. A tupida rede da política de concupiscencias atrapou nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real. (...) Agora reclamamos todas as responsabilidades e gobernaremos nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina. Basta xa de rebeldías mansas (...). Este movemento é de homes: o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada, que agarde sen perturbar os bos días que preparamos para a patria (...).

Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...); precaria e ruínosa a produción agrícola e industrial; impune a propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, des- carada propaganda separatista (...)

Non vimos a chorar mágoas e vergoñas, senón a poñer pronto radical remedio, para o que solicitamos o concurso de todos os bos cidadáns.

Miguel Primo de Rivera. **Manifesto ao país e ao exército.** 13-09-1923